

**D^a MÓNICA PICHEL GARCÍA, SECRETARIA DO CONCELLO DE PORTO DO SON
(A CORUÑA)**

CERTIFICO: Que na sesión extraordinaria da **Xunta de Goberno Local** celebrada en data de **07/08/2024** adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

5º.- Expediente 1375/2024. Contratacións. Aprobación do expediente de contratación do Subministro de mobiliario para o club de xubilados de Porto do Son.

Pola secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA XGL

Expediente: 1375/2024 relacionado co da subvención 215/2023 financiado con cargo a resolución de 26.12.2022 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao amparo da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida leader do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anulacións 2023 e 2024 cofinanciados co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (AGADER)

Asunto: Aprobación do expediente de contratación do Subministro de mobiliario para o club de xubilados de Porto do Son.

Mediante providencia de Alcaldía, de data 09/07/2024, ordeouse a incoación do correspondente expediente administrativo de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación anticipada do gasto do suministro de mobiliario para o club de xubilados de Porto do Son con base na xustificación recollida no informe xustificativo.

Vista a documentación que integra o expediente:

- Memoria xustificativa da necesidade da contratación, ao que se refire o artigo 28 da LCSP asinada pola Alcaldía o 09.07.2024
- Providencia do Alcalde de 9.07.2024 polo que se aproba o inicio da contratación
- Informe de intervención 2024-0118 de 10.07.2024 con advertencias relativas ao diferente nome e finalidade da actuación que se pretende contratar con respecto a que figura no anexo de investimentos e no convenio asinado con Portos de Galicia o 1 de outubro de 2018 e Addendas posteriores. No expediente non consta que se teña concedida a autorización da concesión de Porto de Galicia para destino do inmoble como club de xubilados
- Memoria técnica asinada polo arquitecto externo Alfredo Varela Nogueira número de colexiado 2140 COAG o 27.01.2023
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado polo alcalde o 11.07.2024
- Informe **desfavorable** da Secretaría Municipal do 12.07.2024





- Resolución da directora xeral de AGADER asinada o 23.07.2024 pola que se concede a subvención para “maquinaria e equipamento, despachos, Club de xubilados, cociña e aula 2” por importe total de 46.999,99€.

8 Informe de **reparo suspensivo** 2024/135 da Interventora municipal, de data 30/07/2024 no que se indica: “Fiscalizado de desconformidade ou con reparos. A Intervención se manifesta en desacordo co fondo ou forma dos actos, documentos do expediente examinado, e polo tanto formula os reparos por escrito con fundamento no artigo 216.2 na letra a)”cando se base na insuficiencia de crédito ou o proposto non sexa o adecuado” e c) “nos casos de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais”. No expediente non consta o acordo plenario de modificación do anexo de investimentos para destinar o crédito ao club de xubilados de Porto do Son (entidade allea ao Concello) en lugar de aula náutica vulnerando así o principio de especificidade dos créditos artigo 172.1 TRLFL. Non consta concesión de Porto de Galicia para ocupación do inmovible coma club de xubilados - nin autorización para que un terceiro o utilice- o que constitúe título habilitante preceptivo para poder realizar a actuación que se pretende sobre o mesmo. Por outro lado, o uso do inmovible para uso diferente ao previsto supón de facto, a perda da bonificación solicitada para uso do inmovible coma aula náutica, dando lugar ao incumprimento do convenio asinado 11 de decembro de 2018 entre Portos de Galicia e o Concello de Porto do Son, atentando igualmente contra o principio constitucional recollido no artigo 31.2 da Carta Magna: “*El gasto público realizará una asignación equitativa de los recursos públicos, y su programación y ejecución responderán a los criterios de eficiencia y economía*”.

Segundo establece o artigo 216.2 mencionado, este reparo é suspensivo e require en primeiro lugar que o Pleno autorice a modificación do anexo de investimentos sendo nos restantes aspectos competencia da Alcaldía, decidir sobre a continuación do procedemento.”

9 **Certificado de acordo plenario de data 01/08/2024 de levantamento de reparo suspensivo** polo que se acorda: “ **Primeiro.-** Levantar o reparo correspondente ao informe de intervención núm. 2024-0135, do 30.07.2024, e continuar o procedemento de aprobación de expediente de contrato administrativo de “Suministración e montaxe de mobiliario do Club de Xubilados de Porto do Son” mediante procedemento aberto simplificado.”

Ao abeiro do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en relación coa DA II da mesma lei, e de conformidade coa resolución de alcaldía núm. 806/2023, de 2 de xullo (BOP nº 142, de 27 de xullo de 2023), pola que se delega na Xunta de Goberno Local a competencia para “13. *As competencias da Alcaldía como órgano de contratación para as contratacións de obras, subministracións, servizos, contratos de concesión de obras, contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía dos seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada (...)*”, no presente contrato atopámonos no citado suposto.

Visto canto antecede, **proponse a Xunta de goberno local a adopción do presente acordo:**



Primeiro.- Aprobar a Memoria técnica asinada polo arquitecto externo Alfredo Varela Nogueira número de colexiado 2140 COAG de data 27.01.2023 e que servirá de prego de prescricións técnicas na presente licitación.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación xunto cos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que obran no expediente 1375/2024, mediante procedemento aberto simplificado con criterios de adxudicación automática e **tramitación ordinaria** do contrato de suministro denominado “Mobiliario para o clube de xubilados de Porto do Son”.

Terceiro.- Autorizar o gasto, mediante **procedemento de tramitación anticipada**, por importe de 46.999,99€ IVE incluído (Valor estimado 38.842,97 € máis 8.157,02€ de IVE) con cargo a aplicación orzamentaria 920.62500 do orzamento municipal vixente.

Cuarto.- Publicar o anuncio de licitación na plataforma de licitación do sector público e no perfil do contratante con toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).”

Sometida a votación a proposta de acordo antes transcrita, **APRÓBASE** por unanimidade dos 5 membros presentes.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, expido o presente certificado co visto e praxe do Sr. Alcalde- Presidente, en Porto do Son na data da sinatura dixital que figura ao marxe, certificado que se emite a expensas do que resulte da aprobación da correspondente acta conforme ao previsto no artigo 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro.

A SECRETARIA,
Asdo. Mónica Pichel García.

VISTO E PRACE
O ALCALDE- PRESIDENTE,
Asdo.: José Luís Oujo Pouso.

